

# **PLANO ESTRATÉXICO 2014 – 2020**

## **FACULTADE DE DEREITO**

(A Proposta foi aprobada pola Xunta de Facultade de Dereito o 31 de outubro de 2014)

## ÍNDICE

1.	PRESENTACIÓN	páxina 3
2.	MISIÓN, VISIÓN E VALORES	páxina 3
3.	OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS E PLANS DE MELLORA	páxina 7
3.1.	ÁREA 1: DOCENCIA E APRENDIZAXE	páxina 7
3.2.	ÁREA 2: INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA	páxina 10
3.3.	ÁREA 3: RESPONSABILIDADE SOCIAL	páxina 13
3.4.	ÁREA 4: INTERNACIONALIZACIÓN	páxina 16
3.5.	ÁREA 5: FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS	páxina 19

## **1. PRESENTACIÓN**

A Facultade de Dereito consonte a iniciativa da UDC, e que asemade seguiron o resto dos Centros da Universidade, tamén puxo en marcha a elaboración da súa propia planificación estratéxica, a partires da Guía para a elaboración dos plans estratéxicos dos Centros da UDC. Nesta guía aparecen detalladas todas as fases de desenvolvemento para unha planificación estratéxica, concretamente, o análise da situación actual, o establecemento da proposta de misión, visión e valores, e a elaboración dos plans de mellora para cada obxectivo estratéxico da UDC.

A Comisión de Garantía de Calidade na súa reunión de 18 de setembro de 2014 iniciou a elaboración do Plano estratéxico 2014-2020, e acordou desenvolver o seu traballo tendo en conta, dunha banda, o Plano estratéxico da UDC 2013-2020, e doutra, o plano de melloras do propio Centro. Así mesmo, na devandita reunión a Comisión aprobou o documento “*Misión, Visión y Valores da Facultade de Dereito da UDC*” que reflicta a planificación estratéxica desenvolvida nestes derradeiros anos, dende 2006 ata a actualidade, e resume de onde vivimos, que somos e os obxectivos que pretendemos acadar.

### **2.1. MISIÓN DA FACULTADE DE DEREITO DA UDC**

A Facultade de Dereito da Universidade da Coruña é unha institución pública que ten como finalidade esencial a xeración, xestión e difusión da cultura e do coñecemento xurídico e profesional a través do desenvolvemento da investigación e da docencia.

A Facultade de Dereito concibe a súa finalidade esencial como un servizo público galego de calidade orientado á procura de maiores niveis de xustiza para o conxunto da sociedade.

Forma parte da misión da Facultade de Dereito a formación dun alumnado aberto, culto, crítico, comprometido, democrático e xusto; que sexa capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento xurídico. Neste senso, e consonte o artigo 1 dos Estatutos da UDC, entre outras, debe sinalarse como función da Facultade de Dereito, a preparación do alumnado para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos xurídicos.

A Facultade de Dereito manifesta explicitamente o seu compromiso co estudo e aplicación do Dereito de Galicia.

Asemade promoverá a súa plena integración no Espazo Europeo de Ensino Superior e a súa proxección en América Latina e nas Facultades de Dereito doutros países coas que se teñen asinados convenios de colaboración.

## **2.2. VISION DA FACULTADE DE DEREITO**

A Facultade de Dereito no horizonte do ano 2020 aspira a ser:

1) Unha Facultade pública con funcionamento participativo e democrático a través dos seus órganos de goberno tanto colexiados como unipersoais.

2) Un servizo público que conta cuns medios persoais, materiais, financeiros e de todo tipo xestionados con eficiencia e eficacia cara á consecución da súa misión e dos obxectivos que lle son propios. Xa que logo, e consonte o seu carácter de servizo público, as prestacións achegadas pola Facultade de Dereito tenderán a favorecer:

a) O acceso máis amplo posible aos seus servizos a todas as persoas interesadas, sen prexuízo dos requirimentos de formación e dos coñecementos que se determinaren nas correspondentes disposicións académicas e legais.

b) O alto nivel de calidade que deben posuír os servizos e prestacións universitarios nunha sociedade baseada no coñecemento.

3) Unha Facultade pública que consonte a “Visión da UDC” actúa con independencia de poderes ou grupos de tipo económico, político, ideolóxico, relixioso ou social.

4) Unha Facultade pública que, en colaboración co sector privado, dispón dun sistema de financiamento público suficiente e estable, correctamente axeitado ás súas necesidades e que permita a consecución dos seus obxectivos tanto presentes como futuros.

5) Unha Facultade que se desenvolve en espazos integrados harmonicamente nos seus contornos urbanos e territoriais e que actúan como polos de cohesión tanto territorial como social e económica. En consecuencia, cómprelle á Facultade de Dereito pór en valor todo o seu potencial humano e científico para acadar un maior e mellor desenvolvemento económico e cultural nes contornos.

6) Unha Facultade pública que actúa con transparencia e informa cumpridamente da xestión e dos resultados tanxibles e intanxibles que se derivan da súa actuación á comunidade universitaria e ao conxunto da sociedade que a financia e a que serve.

7) Unha Facultade que, con espírito libre e crítico, procura a extensión, afondamento e renovación do legado xurídico-cultural herdado.

8) Unha Facultade que busca a excelencia na investigación e no proceso de ensino-aprendizaxe e que concreta a calidade nas seguintes cuestións:

a) A revisión e a actualización das súas titulacións que sexa de interese para o conxunto da sociedade e, xa que logo, con capacidade de atracción de estudantes procedentes tanto do noso contorno próximo, do sistema universitario galego e español, como do espazo europeo de ensino superior e América Latina.

b) O deseño e implantación de metodoloxías docentes modernas, innovadoras e eficaces que posibiliten o proceso de adquisición de destrezas e capacidades por parte dos discentes nos diferentes ámbitos do coñecemento.

c) A procura da formación integral da persoa a través dunha docencia de calidade onde o proceso de ensino se adapte ás necesidades da aprendizaxe individual dos estudantes, facilitando, a través da titoría e dos mecanismos de avaliación mellor acaídos ás características das titulacións, a consecución dos obxectivos formativos formulados de xeito explícito.

d) A implicación na inserción dos seus titulados no mercado laboral.

e) O incremento e a cualificación crecente do seu propio capital intelectual por medio da formación permanente do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos (capital humano), da intensificación das relacións cos axentes sociais e económicos (capital relacional) e da innovación e mellora continua dos procesos e estruturas (capital estrutural).

f) A dotación dunhas infraestruturas e espazos ben acaídos para o traballo nun contorno profesional nos eidos da docencia, da investigación e da xestión, e, singularmente, a dispoñibilidade de sistemas de información e comunicación efectivos,

g) A creación e o desenvolvemento de grupos de investigación básica e aplicada e o fomento da cooperación entre investigadores propios da Facultade ou alleos á mesma que contribúan activamente ao progreso científico, económico e social.

h) O funcionamento de grupos de investigación capaces de captaren en convocatorias competitivas financiamento público ou privado a través da prestación de servizos por medio de convenios e contratos.

i) A combinación e a promoción dun coñecemento universal en todas as ramas do saber xurídico coa especialización naquelas áreas xurídicas nas que destaca.

j) A transferencia dos seus resultados de investigación mediante iniciativas innovadoras para o conxunto da sociedade.

k) Unha proxección internacional cada vez maior de todas as súas actividades docentes e investigadoras.

l) Unha organización dotada dun sistema de dirección estratéxica que favoreza a consecución dos seus obxectivos mediante a implicación e a colaboración do conxunto da comunidade universitaria.

9) Unha Facultade que se fai presente na sociedade a través da extensión universitaria que se materializa na oferta de actividades culturais e de formación continuada.

### **2.3. VALORES OU PRINCIPIOS**

A Facultade de Dereito consonte aos valores e principios da UDC, no cumprimento das súas finalidades propias, e como institución pública, rexeráse polos seguintes valores e principios:

1) A igualdade de oportunidades mediante a defensa ao acceso universal á universidade e o fomento dunha cultura de non discriminación.

2) A formación de profesionais vinculada á formación de cidadáns libres e críticos que contribúan, desde os seus destinos laborais e desde os seus saberes, á extensión e afondamento na sociedade dos principios democráticos de liberdade, xustiza, igualdade e pluralismo.

3) A transparencia como mecanismo de rendición de contas para xustificar as nosas decisións e propiciar a adecuada verificación das nosas actuacións.

4) A participación, fomentando as canles de comunicación entre todos os membros da comunidade universitaria no proceso de toma de decisións, así como o traballo en equipo, que representa en si mesmo un valor social estimable e contribúe á mellor formación dos estudantes e dos novos investigadores e ao fortalecemento da investigación no seu conxunto.

5) O compromiso e a responsabilidade social para contribuír activamente á mellora do sistema socioeconómico do noso contorno e implicarnos na xeración de benestar económico para o conxunto da sociedade.

6) O compromiso con Galicia, coa transformación e o desenvolvemento da sociedade galega responsabilizándonos do cultivo, da protección e da transmisión dos valores patrimoniais e culturais, tanto no ámbito artístico como no urbanístico, arquitectónico, documental ou lingüístico.

7) O respecto ao medio ambiente como Facultade socialmente responsable, xestionando os recursos á nosa disposición para que xeren o menor impacto ambiental posible e procurando a maior eficiencia e eficacia no seu uso.

8) A eficiencia, como responsable da xestión de recursos públicos para conseguir o seu uso eficaz, orientado a satisfacer as necesidades da sociedade e o ben común.

### **3. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS E PLANS DE MELLORA**

Co fin de elaborar o novo Plan estratéxico para a Facultade de Dereito, a Comisión de Calidade, nas distintas reunións que celebrou, tivo en conta os seguintes referentes: Por unha banda, a situación actual da Facultade de Dereito, por outro, os obxectivos mínimos marcados pola UDC coa finalidade de que o noso Plan fose coherente cos da UDC. Así mesmo, e no aspecto formal, seguiuuse a Guía da UDC para a elaboración dos plans estratéxicos dos Centros.

Nas devanditas reunións, por unha banda, e como punto de partida, analizouse a situación actual da Facultade. Por outra, concretáronse os obxectivos estratéxicos a alcanzar nos próximos anos (obxectivos que aparecen clasificados a partir das cinco áreas estratéxicas deseñadas pola UDC).

No devandito labor, a Comisión de Calidade non se limitou a asumir os obxectivos mínimos fixados no Plan estratéxico da UDC, senón que os foi aquilatando á realidade da Facultade de Dereito, Ademais, incorporáronse tamén algúns dos obxectivos estratéxicos que veñen establecidos como máximos.

#### **3.1. ÁREA 1: DOCENCIA E APRENDIZAXE**

##### **3.1.1. Obxectivo 1º: Aprendizaxe de calidade no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior**

A aprendizaxe de calidade e o desenvolvemento de habilidades e competencias útiles e relevantes para os estudantes son obxectivos estratéxicos da Facultade de Dereito.

A Facultade de Dereito realizou un grande esforzo para integrar todas as súas titulacións no Espazo Europeo de Educación Superior, mediante a implantación de novos plans de estudo, o fomento de novas metodoloxías docentes e cambios organizativos que facilitan a aprendizaxe neste novo contexto. A implantación dos novos títulos de grao, mestrado universitario e doutoramento supuxo un cambio de paradigma, o paso á centralidade do estudante e ás súas necesidades, e unha atención cada vez maior polo proceso de aprendizaxe.

Os cambios realizados foron rápidos e relevantes, e pasou pouco tempo desde a súa implantación inicial. Por tanto, a Facultade de Dereito debe profundar no proceso de mellora da aprendizaxe dos seus estudantes e na adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior. A Facultade renova a súa aposta por contornos de aprendizaxe que facilitan o desenvolvemento das competencias en cada titulación, impulsa o uso extensivo das novas tecnoloxías, a renovación e innovación didáctica.

A consecución deste obxectivo estratéxico será propiciado polos seguintes indicadores e plans de mellora:

**DA1.1 Graduación.** Obxectivo: Manter a taxa de graduación do 43% acadada no curso 2013/2014 no Grao en Dereito até 2020.

**DA1.2 Abandono.** Obxectivo: reducir de forma progresiva a taxa de abandono, até alcanzar valores inferiores ó 10% en 2020 no Grao en Dereito, e ningunha titulación con valores superiores ó 15%.

**DA1.3 Éxito.** Obxectivo: manter valores da taxa de éxito superiores ó 80% até 2020.

**DA1.4 Motivación.** Obxectivo: Aumentar anualmente os niveis de motivación, medidos pola enquisa de satisfacción de estudantes, até alcanzar niveis superiores a 6 en 2020.

**DA1.5 Participación na avaliación.** Obxectivo: aumentar até o 60% no ano 2020 a participación dos estudantes nos procesos de avaliación da satisfacción coa docencia recibida.

**DA1.6 Avaliación docente.** Obxectivo: Fomentar entre o profesorado a participación na avaliación docente até alcanzar o 100% de profesorado avaliado polo procedemento de avaliación docente, e o 20% de profesorado con máxima valoración en 2020.

### **3.1.2. Obxectivo 2º: Unha oferta formativa consolidada e axustada ás necesidades do contorno**

A Facultade de Dereito, como institución de educación superior moderna e dinámica, dispón dunha oferta docente consolidada que debe cada vez máis intensamente dar resposta ás necesidades e requirimentos presentes e futuros do contorno social en que se encadra. Para iso promoverá a participación e implicación dos axentes sociais no deseño, modificación e mellora dos programas de formación dos títulos de grao e mestrados.

Esta oferta formativa de títulos oficiais complementarase con ensinos non regulados que nos permitan satisfacer novas demandas de formación profesional e cultural dos cidadáns, conforme ao principio de aprendizaxe ao longo da vida que require a sociedade do coñecemento avanzada, e o fomento de metodoloxías docentes innovadoras e eficaces para a adquisición de coñecemento.

A consecución deste obxectivo estratéxico será propiciado polos seguintes indicadores e plans de mellora:



**DA2.1 Distribución grao/posgrao.** Obxectivo: acadar o 30% de alumnos de posgrao por graduado en 2015 e superar o 35% en 2020.

**DA2.2 Novos ingresos (grao).** Obxectivo: manter o nivel de matrícula de novo ingreso no Grao en Dereito e no Programa de Simultaneidade Dereito+ADE que se sitúa, respectivamente, por encima de 120 e de 60.

**DA3.3 Novo ingreso (mestrado).** Obxectivo: incrementar anualmente o número de estudantes de novo ingreso de mestrado, até superar os 120 estudantes en 2020.

### PE03-Anexo03. Cadro de obxectivos estratéxicos e indicadores.

#### FACULTADE DE DEREITO

#### ÁREA ESTRATÉXICA: DOCENCIA / APRENDIZAXE

Obxectivos estratéxicos	Responsable	Indicadores do obxectivo	Valor inicial	Meta 2015	Meta 2020
Aprendizaxe de calidade no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior	Comisión de Docencia e CGC	Taxa de Graduación	43%	Manter o 43%	Manter o 43%
		Taxa de abandono	6,86%	Reducir progresivamente	Grao: < 10% Mestrados: < 15%
		Taxa de éxito	87-88 %	Manter > 80 %	Manter > 80 %
		Taxa de motivación	---	Aumentar progresivamente	> 6
		Participación na avaliación	< 10 %	Aumentar progresivamente	60 %
		Avaliación docente	33%	Aumentar progresivamente	100 % Avaliado + 20% Máxima C.
Unha oferta formativa consolidada e axustada ás necesidades do contorno	Comisión de Docencia e CGC	Distribución grao/posgrao	...	Acadar 30% de posgrao/grao	> 35% de posgrao/grao
		Novos ingresos (grao)	> 120	Manter 120	Manter 120
		Novo ingreso (mestrado)	<120	120	>120

## PE03-Anexo04. Cadro operativo

### FACULTADE DE DEREITO

#### ÁREA ESTRATÉXICA: DOCENCIA / APRENDIZAXE

Obxectivos estratéxicos	Plans de mellora	Responsable	Calendario	Grado de cumprimento
Aprendizaxe de calidade no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior	Dedicar unha xornada para que o alumnado cumprimente as enquisas acompañados dun profesor	Vicedecano de Calidade e Coordinadores de Mestrados	nov. 2014-xullo 2015	
	Organización de charlas a cargo de vogais de Comisións evaluadoras de <i>Docentia</i> sobre convocatorias abertas			
Unha oferta formativa consolidada e axustada ás necesidades do contorno	Organización de charlas divulgativas no Centro e envío de publicidade aos IES	Vicedecano de Calidade e Coordinadores de Mestrados	nov. 2014-xullo 2015	

## 3.2. ÁREA 2: INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA

### 3.2.1. Obxectivo 1º: UNHA PRODUCCIÓN CIENTÍFICA DE CALIDADE

Unha das liñas estratéxicas prioritarias da Facultade de Dereito consonte ás da UDC é aumentar a produtividade investigadora do noso profesorado, o que suporá un importante avance nas áreas de investigación emerxentes da Facultade. Así mesmo, resulta estratéxico consolidar as áreas de investigación xa maduras do Centro, tratando de incrementar a calidade das súas publicacións e apoiando que concorran a máis convocatorias públicas e privadas para o financiamento de proxectos de investigación, especialmente en convocatorias moi competitivas, como as europeas.

A consecución deste obxectivo estratéxico será propiciado polos seguintes indicadores e plans de mellora:

**INV1.1 Produtividade científica.** Obxectivo: aumentar de forma progresiva até 2020 a produción científica. Tomando como referente a cualificación que a ANEP outorga aos grupos de investigación, os grupos que en avaliacións anteriores obtiveron a máxima cualificación procurarán mantela, e os demais, procurarán acadar cualificacións superiores.

**INV1.2 Sexenios.** Obxectivo: aumentar a proporción entre o número de sexenios de investigación obtidos polo PDI en condicións de solicitar sexenio e o número máximo de sexenios posibles, para alcanzar o 45% en 2015 e o 50% en 2020.

**INV1.3 Doutoramento.** Obxectivo: Obter a mención de calidade/selo de excelencia para un dos programas de doutoramento no ano 2020.

**INV1.4 Calidade das teses de doutoramento.**

Obxectivo: aumentar anualmente a porcentaxe de teses de doutoramento que dan lugar a algunha publicación en ISI WoK. A estes efectos, tomaranse en consideración aquelas teses para as que o seu autor publicou algún artigo nalgunha revista incluída en ISI WoK non máis tarde do ano seguinte ao da defensa da tese.

**3.2.2. Obxectivo 2º: INTERNACIONALIZAR A INVESTIGACIÓN E A TRANSFERENCIA**

O contexto natural en que se move a investigación propicia a súa concepción global e internacional. Podería dicirse que a Facultade de Dereito participa da prioridade actual da UDC de internacionalización dos estudos de Grao e Posgrao. Esta internacionalización debe comezar xa desde a etapa predoutoral, afondando nas alianzas con institucións de investigación de todo o mundo. Un dos xeitos máis efectivos de facer rede internacional é a participación en consorcios para levar a cabo proxectos de investigación financiados en convocatorias públicas competitivas (como moitas da UE).

A consecución deste obxectivo estratéxico será propiciado polos seguintes indicadores e plans de mellora:

**INV2.1 Proxectos competitivos.** Obxectivo: manter o nivel medio de proxectos competitivos e os correspondentes ingresos por proxectos competitivos por PDI doutor até 2015, e aumentar posteriormente para acadar un incremento mínimo do 10% no período 2013-2020.

**INV2.2 Doutoramento internacional.** Obxectivo: incremento do 40% do número anual de teses defendidas na UDC con mención internacional, desde os cursos 2012-2013 até o curso 2019-2020.

**PE03-Anexo03. Cadro de obxectivos estratéxicos e indicadores.**

**FACULTAD DE DERECHO**

**ÁREA ESTRATÉXICA: INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA**

Obxectivos estratéxicos	Responsable	Indicadores do obxectivo	Valor inicial	Meta 2015	Meta 2020
Unha produción científica de calidade	Comisión de Docencia e CGC	Produtividade científica	...	Aumentar de forma progresiva a produción científica. Tomando como referente a cualificación que a ANEP outorga aos grupos de investigación	Aumentar de forma progresiva a produción científica. Tomando como referente a cualificación que a ANEP outorga ós grupos de investigación
		Sexenios	60%	Acadar 45%	Acadar 50%
		Doutoramento	...	...	Obter a mención de calidade/selo de excelencia para un dos programas de doutoramento
		Calidade das teses de doutoramento	...	Aumentar o porcentaxe das teses de doutoramento que dan lugar a una publicación en ISI WoK	Aumentar o porcentaxe das teses de doutoramento que dan lugar a una publicación en ISI WoK
Internacionalizar a investigación e a transferencia	Comisión de Docencia e CGC	Proxectos competitivos	'''	Manter o nivel de proxectos competitivos	Incrementar o nivel de proxectos competitivos para acadar un incremento mínimo do 10%
		Doutoramento internacional	...	Incrementar teses con mención internacional	> 40% teses con mención internacional

## PE03-Anexo04. Cadro de obxectivos estratéxicos e indicadores.

### FACULTAD DE DERECHO

### ÁREA ESTRATÉXICA: INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA

Obxectivos estratéxicos	Plans de mellora	Responsable	Calendario	Grado de cumprimento
Unha produción científica de calidade	Organizar reunións cos IPs dos grupos de investigación para valorar as cualificacións da ANEP e adoptar os acordos oportunos	Equipo Decanal	nov. 2014-xullo 2015	
	Organización de conferencias a cargo de técnicos da ANECA sobre requisitos para a obtención de sexenios	Equipo Decanal	nov. 2014-xullo 2015	
	Concorrer ás convocatorias para a mención de calidade / selo de excelencia cando estas foren publicadas	Coordinadores/as Programas de doutoramento	Convocatoria aprox. 2019	
	Informar a todo o profesorado participante nos programas doutoramento da necesidade de incentivar as publicacións ISI Wok derivadas das teses dentro do primeiro ano seguinte ao da súa defensa	Coordinadores/as Programas de doutoramento	nov. 2014-xullo 2015	
Internacionalizar a investigación e a transferencia	Organización de charlas a cargo de persoal da Vicerreitoría de investigación sobre convocatorias abertas	Equipo Decanal	nov. 2014-xullo 2015	
	Informar a todos os doutores implicados nos programas de doutoramento das posibilidades de realizar unha tese con mención internacional, así como dos procesos para a súa solicitude e defensa	Coordinadores/as Programas de doutoramento		

### 3.3. ÁREA 3: RESPONSABILIDADE SOCIAL

#### 3.3.1. Obxectivo 1º: UNHA FACULTADE QUE IMPULSA O CAMBIO SOCIAL

A Facultade de Dereito, do mesmo xeito que a UDC, tamén é parte integrante da sociedade e está comprometida coa transformación e o desenvolvemento do seu contorno.

Para iso, a Facultade de Dereito debe contribuír a impulsar un cambio cultural, axudando á formación dunha cidadanía aberta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, e debe promover un modelo de universidade aberta, na cal todos os cidadáns, e non só a comunidade universitaria, participan nela, contribúen ao seu desenvolvemento e se benefician das súas actividades.

A relación entre Facultade e sociedade debe ser bidireccional para que se xere unha dinámica de desenvolvemento social, cultural e económico.

A consecución deste obxectivo estratéxico será propiciado polo seguinte indicador e plan de mellora:

**RS1 Normalización.** Obxectivo: Aumentar o número de materias impartidas integramente en galego, así como os materiais docentes facilitados ao alumnado e as guías docentes, no horizonte temporal do plan.

### **3.3.2. Obxectivo 2º: IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E FOMENTO DUNHA CULTURA DE NON DISCRIMINACIÓN**

A igualdade de oportunidades é a ausencia de calquera forma de discriminación; hai igualdade de oportunidades cando as persoas non sofren discriminación por características irrelevantes. A aplicación dos criterios de mérito, capacidade, a defensa do acceso universal e o fomento dunha cultura de non discriminación son principios sobre os cales se rexe a Facultade de Dereito. Traballamos para facer efectiva a igualdade de oportunidades na nosa comunidade e na sociedade, e garantir o exercicio do dereito das persoas a acceder ao ensino superior con garantías de igualdade. A Facultade de Dereito combate as dificultades que se poidan poñer ao exercicio dese dereito, tanto se trata de aspectos económicos, como sociais.

A consecución deste obxectivo estratéxico será propiciado polo seguinte indicador e plan de mellora:

**RS2 Accesibilidade.** Obxectivo: atender cada ano o 100% das necesidades de accesibilidade da comunidade universitaria que se dirixen á oficina ou servizo competente. En particular, facilitar o acceso a todos os andares da Biblioteca da Facultade ás persoas con algunha dificultade.

### **3.3.3. Obxectivo 3º: UNHA FACULTADE RESPONSABLE DO SEU IMPACTO AMBIENTAL**

A Facultade de Dereito, como servizo público de educación superior fornece a sociedade de profesionais formados en técnicas, coñecementos, actitudes e novos paradigmas que procuran solucións aos problemas existentes na sociedade. É en relación con esta función de servizo público onde xorde a responsabilidade da Facultade diante dun dos principais desafíos do século XXI, o das solucións á crise ambiental e a favor dun desenvolvemento máis sustentábel.

Así, a Facultade propónse avanzar na sustentabilidade no propio ámbito e, ao mesmo tempo, promover e manter a conciencia proambiental de toda a comunidade universitaria, e por extensión de toda a sociedade.

Para este fin identificáronse unha serie de eidos de actuación prioritaria, como son o da redución do consumo de enerxía, a prevención no consumo de auga e a reciclaxe.

A consecución deste obxectivo estratéxico será propiciado polos seguintes indicadores e plans de mellora:

**RS3.1 Plan ambiental.** Obxectivo: Asumir e particularizar o plan ambiental que no seu momento elabore la UDC antes de 2020.

**RS3.2 Reciclaxe.** Obxectivo: aumentar anualmente a porcentaxe total de recollida separada e reciclaxe dos residuos asimilables a urbanos, para acadar o 60% en 2015 e o 80% en 2020.

**RS3.3 Enerxía.** Obxectivo: reducir do 5% en 2015 e 10% en 2020 o consumo enerxético específico anual, expresado en kWh/empregado e en kWh/m2 edificado, con respecto a 2011.

**RS3.4 Auga.** Obxectivo: reducir do 5% en 2015 e 10% en 2020 o consumo de auga específico anual, expresado en m3/usuario, con respecto al 2011. **PE03-Anexo03. Cadro de obxectivos estratéxicos e indicadores.**

## FACULTADE DE DEREITO

### ÁREA ESTRATÉXICA: RESPONSABILIDADE SOCIAL

Objetivos estratéxicos	Responsable	Indicadores del obxectivo	Valor inicial	Meta 2015	Meta 2020
Unha Facultade responsable do seu impacto ambiental	Equipo Decanal e CGC	Enerxía	...	Reducir o consumo enerxético nun 5 %	Reducir o consumo enerxético nun 10 %
		Auga	...	Reducir o consumo de auga nun 5 %	Reducir o consumo de auga nun 10 %
		Reciclaxe	...	Recollida separada e reciclaxe 60 %	Recollida separada e reciclaxe 80 %
		Plan ambiental	...	Asumir e particularizar o plan ambiental que no seu momento elabore a UDC	Asumir e particularizar o plan ambiental que no seu momento elabore la UDC
Unha Facultade que impulsa o cambio social	Equipo Decanal	Normalización lingüística	...	Aumentar o número de materias impartidas integramente en galego, así como os materiais docentes facilitados ao alumnado e as guías docentes	Aumentar o número de materias impartidas integramente en galego, así como os materiais docentes facilitados ao alumnado e as guías docentes
Igualdade de oportunidades e fomento dunha cultura de non discriminación	Equipo Decanal	Accesibilidade		Atender cada ano o 100% das necesidades de accesibilidade	. Atender cada ano o 100% das necesidades de accesibilidade

## PE03-Anexo04. Cadro operativo

### FACULTADE DE DEREITO

#### ÁREA ESTRATÉXICA: RESPONSABILIDADE SOCIAL

Obxectivos estratéxicos	Plans de mellora	Responsable	Calendario	Grado de cumprimento
Unha Facultade responsable do seu impacto ambiental	Editar un folleto informativo indicando os puntos de recollida de tóner, pilas, papel, etc.	Equipo Decanal	nov. 2014-xullo 2015	
	Confección e fixación de carteis indicando que se apaguen as luces ao saír das estancias	Equipo Decanal	nov. 2014-xullo 2015	
	Confección e fixación de carteis indicando que se faga un consumo moderado da auga.	Equipo Decanal	nov. 2014-xullo 2015	
Unha Facultade que impulsa o cambio social	Realizar reunións co profesorado para concretar que materias poderían impartirse integramente en galego	Equipo Decanal	nov. 2014-xullo 2015	
Igualdade de oportunidades e fomento dunha cultura de non discriminación	Realizar inspeccións periódicas para revisar todas as instalacións do Centro y detectar calquer obstáculo ou barreira arquitectónica.	Equipo Decanal	nov. 2014-xullo 2015	

### 3.4. ÁREA 4: INTERNACIONALIZACIÓN

#### 3.4.1. Obxectivo 1º: UNHAS TITULACIÓNS E UN AMBIENTE UNIVERSITARIO INTERNACIONAIS

A Facultade de Dereito comprométese a implantar unha oferta estable de cursos e materias ofrecidos en idiomas estranxeiros, como instrumento esencial de internacionalización da Facultade. No curso 2014-2015 comezáronse ha impartir integramente en inglés, un total de oito materias

Unha oferta plurilingüe actúa como atractivo para os estudantes estranxeiros e, nalgúns casos, é un requisito para establecer acordos de mobilidade con outras universidades. Por tanto, a oferta de créditos ECTS



impartidos noutros idiomas, en particular en inglés, ten un efecto positivo sobre o número de estudantes e profesores estranxeiros na nosa Facultade.

Ademais, as titulacións plurilingües ofrecen aos estudantes de Dereito a posibilidade de consolidar as súas competencias lingüísticas en idiomas estranxeiros e de aproveitar o ambiente internacional que se crea ao redor desas titulacións pola presenza de estudantes estranxeiros.

Na mesma liña, a Facultade coa colaboración da UDC e con outras institucións procurará ofrecer titulacións conxuntas e dobres titulacións internacionais, tanto con países da UE e do EEES, como con outras áreas estratéxicas, en particular reforzando a cooperación internacional en educación superior con Iberoamérica e os países lusófonos.

Estas titulacións, ademais de contribuír á internacionalización da Facultade, teñen o atractivo engadido para os estudantes dun título dobre ou un título conxunto con outra universidade e son, por tanto, un instrumento eficaz para o

fomento dunha cultura da internacionalización.

A consecución deste obxectivo estratéxico sera propiciado polos seguintes indicadores e plans de mellora:

**INT1.1 Internacionalización.** Obxectivo: Manter e incrementar o número de materias que se imparten en inglés no Grao en Dereito, para acadar 10 materias no curso 2015-2016 e 12 materias no curso 2020-2021.

**INT1.2 Titulacións conxuntas.** Obxectivo: incrementar o número de titulacións conxuntas internacionais e dobres titulacións internacionais en mestrado e grao.

**INT1.3 Alumnos estranxeiros.** Obxectivo: Manter e incrementar a taxa acadada do 7% de estudantes de intercambio entrantes e estudantes estranxeiros matriculados na Facultade de Dereito sobre o total de matriculados en 2020.

### **3.4.2. Obxectivo 2º: UNHA MOBILIDADE INTERNACIONAL CRECENTE POR MOTIVOS DE ESTUDO E PRÁCTICAS LABORAIS**

A mobilidade internacional é a base do proceso de internacionalización. Os estudantes da Facultade de Dereito que viaxan ao estranxeiro teñen unha oportunidade de enriquecemento persoal e profesional de gran valor e contribúen, coa súa experiencia internacional, ao cambio cultural de toda a institución.

Así mesmo, a presenza de estudantes estranxeiros na nosa Facultade impulsa a creación dun ambiente internacional plural e aberto, a beneficio de toda a comunidade.

A Facultade de Dereito recoñece a importancia da mobilidade internacional, e utiliza os medios á súa disposición para fomentala.

A consecución deste obxectivo estratéxico será propiciado polos seguintes indicadores e plans de mellora:

**INT2.1 Mobilidade académica.** Obxectivo: alcanzar unha taxa de mobilidade do 5% en 2015 e 7% en 2020.

**INT2.2 Mobilidade persoal.** Obxectivo: incrementar anualmente o número de PDI e PAS da Facultade de Dereito saíntes e entrantes.

### PE03-Anexo03. Cadro de obxectivos estratéxicos e indicadores.

#### FACULTADE DE DEREITO

#### ÁREA ESTRATÉXICA: INTERNACIONALIZACIÓN

Obxectivos estratéxicos	Responsable	Indicadores do obxectivo	Valor inicial	Meta 2015	Meta 2020
Unhas titulacións e un ambiente universitario internacionais	Equipo Decanal	Internacionalización	8	10 materias en inglés	12 materias en inglés
		Titulacións conxuntas	0%	Incrementar nº Titul. Conxuntas inter. e dobres Titul. Inter	Incrementar nº Titul. Conxuntas inter. e dobres Titul. Inter
		Alumnos estranxeiros	7%	Manter e incrementar a taxa de intercambio de estudantes	Manter e incrementar a taxa de intercambio de estudantes
Unha mobilidade internacional crecente por motivos de estudo e prácticas laborais	Equipo Decanal	Mobilidade académica	...	Acadar unha taxa de mobilidade do 5 %	Acadar unha taxa de mobilidade do 7 %
		Mobilidade persoal	...	Incremento anual do número de PDI e PAS da Facultade de Dereito saíntes e entrantes	Incremento anual do número de PDI e PAS da Facultade de Dereito saíntes e entrantes

## PE03-Anexo04. Cadro operativo

### FACULTADE DE DEREITO

#### ÁREA ESTRATÉGICA: INTERNACIONALIZACIÓN

Obxectivos estratéxicos	Planes de mejora	Responsable	Calendario	Grado de cumprimento
Unhas titulacións e un ambiente universitario internacionalis	Manter reunións co profesorado para propiciar a que algúns deles se incorporen ao "Law school english programme"	Equipo Decanal	nov. 2014-xullo 2015	
	Manter contactos e reunións con Facultades de Dereito extranxeiras	Equipo Decanal	nov. 2014-xullo 2020	
	Incrementar a publicidade da nosa oferta académica en Facultades de Dereito extranxeiras	Equipo Decanal	nov. 2014-xullo 2015	
Unha mobilidade internacional crecente por motivos de estudo e prácticas laborais	Realizar reunións co alumnado para explicarlles os programas de intercambio e contarlles experiencias do alumnado	Equipo Decanal	nov. 2014-xullo 2015	
	Realizar reunións co PDI e PAS para explicarlles os programas de intercambio e contarlles experiencias do PDI e PAS	Equipo Decanal	nov. 2014-xullo 2015	

### 3.5. ÁREA 5: FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS

#### 3.4.1. Obxectivo 1º: UNHA XESTIÓN EFICIENTE, RESPONSABLE E TRANSPARENTE DOS RECURSOS PÚBLICOS

A Facultade de Dereito, na medida que xestiona recursos públicos, debe garantir o seu uso segundo criterios de eficiencia. Ademais, nun contexto de escaseza de recursos e de incerteza sobre a súa dispoñibilidade no futuro, unha xestión eficiente permite paliar, aínda que só en parte, a diminución de ingresos. En calquera caso, actuar sobre os procesos internos é nestes momentos unha necesidade, que se axusta a calquera escenario posible.

As medidas que se adoptan neste ámbito teñen como obxectivos a eficiencia, a racionalización e contención do gasto e, a través destes, a difusión dunha cultura da responsabilidade no uso dos recursos que a sociedade nos asigna para desempeñar a nosa función. Neste sentido, a Facultade de Dereito implantará oportunos mecanismos de control do gasto e de medición dos custos asociados a cada servizo, en particular un sistema de contabilidade analítica. A dispoñibilidade de datos e a análise de custos son os primeiros pasos cara ao uso

e a distribución eficiente de todos os recursos dispoñibles, tanto humanos como materiais.

Polo tanto, é necesario implantar os mecanismos oportunos para que os datos dispoñibles se utilicen para a toma de decisións. Ao mesmo tempo, a Facultade racionalizará os procesos de compra de subministracións.

A consecución deste obxectivo estratéxico será propiciado polo seguinte indicador e plan de mellora:

**FIN1 Uso racional dos recursos.** Reducir o número de procedementos de xestión económica da Facultade de Dereito que tiveron que ir a convalidación da Comisión Económica delegada do Consello de Goberno por xestión inadecuada até acadar a media dos centros da UDC.

### **3.4.2. Obxectivo 2º: UNHA COMUNIDADE IDENTIFICADA COA FACULTADE DE DEREITO**

A identificación da comunidade universitaria coa Facultade de Dereito é fundamental para o seu éxito: determina o compromiso das persoas, a súa satisfacción, esforzo, e responsabilidade na xestión dos recursos. En xeral, unha maior identificación coa Facultade ten un efecto positivo sobre o comportamento e a actitude no traballo, sobre a motivación e a participación.

Polo tanto, a nosa Facultade favorece un ambiente de estudo e traballo positivo, onde se recoñecen o esforzo e o traballo persoal, se favorece o fluxo de ideas e o intercambio de opinións, e se facilita o desenvolvemento de iniciativas e actividades de todos os membros da comunidade.

**FIN2.1 Satisfacción PDI.** Obxectivo: resposta media superior a 6 sobre 7 na Facultade de Dereito na pregunta específica sobre motivación do Cuestionario de Autoavaliación da Docencia (AD) a partir de 2015.

**FIN2.2 Satisfacción PAS.** Obxectivo: Manter e incrementar a resposta media na Facultade de Dereito nas enquisas de satisfacción persoal até acadar o 5 sobre 7 no 2020.

**FIN2.3 Identidade.** Obxectivo: Constituír unha asociación de antigos alumnos da Facultade de Dereito antes de rematar o 2016.

**PE03-Anexo03. Cadro de obxectivos estratéxicos e indicadores.**

**FACULTADE DE DEREITO**

**ÁREA ESTRATÉXICA: FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS**

Obxectivos estratéxicos	Responsable	Indicadores do obxectivo	Valor inicial	Meta 2015	Meta 2020
Unha comunidade identificada coa Facultade de Dereito	Equipo Decanal e CGC	Satisfacción PDI	6	> 6 ata acadar 7	> 6 ata acadar 7
		Satisfacción PAS	Se han realizado enquisas en dos cursos	Manter a realización de enquisas	Manter a realización de enquisas
		Identidade	...	Posta en marcha da constitución dunha Asociación de estudantes	Ter unha Asociación de estudantes creada e con actividade
Unha xestión eficiente, responsable e transparente dos recursos públicos	Xefe/a negociado Asuntos económicos	Uso racional dos recursos	15 p	Reducir o número de procedimentos validados ata 10	Reducir o número de procedimentos validados ata 5

## PE03-Anexo 04. Cadro operativo

### FACULTADE DE DEREITO

#### ÁREA ESTRATÉGICA: FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS

Obxectivos estratéxicos	Plans de mellora	Responsable	Calendario	Grado de cumprimento
Unha comunidade identificada coa Facultade de Dereito	Manter reunións co profesorado para valorar como se pode mellorar o grao de motivación	Equipo Decanal	nov. 2014-xullo 2015	
	Manter reunións con PAS nos días de realización de enquisas	Equipo Decanal	nov. 2014-xullo 2015	
	Manter reunións co alumnado das primeiras promocións para poñer en marcha a Asociación de antigos alumnos	Equipo Decanal	nov. 2014-xullo 2015	
Unha xestión eficiente, responsable e transparente dos recursos públicos	Confeccionar un documento con instrucións e criterios para que os usuarios do servizo coñezan e axústense ás devanditas indicacións	Xefe/a negociado asuntos económicos	nov. 2014-xullo 2015	